



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

En data 13 de abril de 2009 a Alcaldía dictou Resolución co seguinte contido na súa parte dispositiva:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar definitivamente a obra “Substitución da cuberta do pavillón polideportivo de Romarigo”.

Segundo.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato “Substitución da cuberta do pavillón polideportivo de Romarigo”, á empresa Constructora OUTÓN S.L.U., co CIF n.º B-36046126, e domicilio na rúa Forxán n.º 38, Vichona, (CP 36960) de Sanxenxo, polo importe total de 123.462,67 €, cunha mellora sen custo adicional valorada en 6.697 €, un prazo de execución de catro meses, e unha aportación de man de obra de 8 traballadores sendo 6 propios da empresa e 2 de nova contratación.

Terceiro.- Outorgar un prazo de 7 días hábiles para a sinatura do contrato.

Cuarto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e demais licitadores, á Intervención Municipal e á directora de obra, e dar publicidade á adxudicación definitiva deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante e a súa publicación no BOP.

Quinto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na súa próxima sesión a efectos da súa ratificación.

Cangas, 13 de abril de 2009